

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 28 de abril de 2010 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións da Consellería de Cultura e Turismo.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Facenda e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

DISPÓN:

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións editadas por esta consellería e que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, co IVE incluído.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO

- Homenaxe a Anísia Miranda: 3 euros.
- Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez: 59 euros.
- Compostela y Europa. La historia de Diego Gelmírez: 59 euros.
- Compostela and Europe. The story of Diego Gelmírez: 59 euros.
- Compostelle et L'Europe. L'histoire de Diego Gelmírez: 59 euros.
- Compostella e L'Europa. La storia di Diego Gelmírez: 59 euros.
- Lume na fonte. Antón Lamazares na Domus Nai: 25 euros.
- Cristiáns puros de África: 26 euros.
- Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga: 15 euros.
- Guía de arqueobotánica: 15 euros.
- Flores de Dunsinane: 12,50 euros.
- Álbums para o reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses. VII Festa: 11 euros.

Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para a formación de expertos turísticos en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo no estranxeiro durante os anos 2010 e 2011, e se procede á súa convocatoria.

Exposición de motivos.

Debido á grande importancia que o sector turístico ten no desenvolvemento da nosa economía requírese que, as administracións públicas destinen recursos para xerar iniciativas con tendencia a mellorar cada

día o sector para así manter a demanda existente e incrementalala en todo o que sexa posible.

Entre esas iniciativas, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Turismo vén dedicando desde o ano 1999 parte dos seus recursos en materia turística á convocatoria de bolsas para que, a través da realización de prácticas na rede de Oficinas Españolas de Turismo no Estranxeiro dependentes de Turespaña, se formen expertos en promoción exterior do turismo e se estableza unha base de apoio á captación de demanda turística a Galicia.

Á vista dos frutíferos resultados obtidos nas anteriores edicións, a Consellería de Cultura e Turismo considera de interese continuar con esta medida e seguir fomentando a colaboración desenvolvida con Turespaña, na cal se considera prioritario afondar na organización cooperativa de accións en materia de investigación e, en particular, mediante a formación de bolseiros, o cal se articula a través dun convenio de colaboración entre o Instituto de Turismo de España (Turespaña) e a Consellería de Cultura e Turismo e, así mesmo, apréciase conxuntamente a importancia de mellorar a información sobre os mercados turísticos como principal ferramenta para a definición de estratexias de comercialización e promoción turísticas.

A importancia da convocatoria destas bolsas é maior se tivermos en conta a crecente presenza de Galicia en mercados internacionais, polo que a formación práctica de persoal será fundamental para o futuro, pois poderá contribuír á mellora da comercialización e difusión dos produtos turísticos de Galicia no exterior.

A celebración do Ano Santo Compostelano, como feito esencial do ano 2010, e o incremento dos voos internacionais en destinos moi importantes de potenciais clientes permitirá atraer a Galicia un número maior de turistas, o que levará a situar a nosa comunidade autónoma como un destino turístico prioritario tanto a nivel nacional como internacional.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño), no decreto de subvencións de Galicia 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG número 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG número 214, do 5 de novembro), na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 (DOG número 253, do 30 de decembro) e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo).

Así, consonte o establecido sobre medidas de fomento do turismo no artigo 54 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 55 de dita lei, esta consellería realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información turística de acordo coas seguintes bases, e logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Interven-

ción Xeral e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Primeira.-*Número, destino, duración e contido das bolsas.*

Convócanse sete bolsas para a realización de prácticas profesionais de especialización de expertos turísticos en mercados emisores, que desenvolverán as súas funcións nas seguintes cidades: Londres, Roma, París, Francfort, Zurich, Nova York e Lisboa. As prácticas desenvolveranse entre o día 15 de xullo e 15 de agosto de 2010 mediante un período de formación en Galicia e entre o 1 de setembro de 2010 e o 31 de xullo de 2011 mediante a incorporación do bolseiro ás consellerías de turismo nas cidades citadas, cunha duración máxima de once meses.

Os bolseiros/as desenvolverán a súa actividade nas oficinas españolas de turismo no país de destino, baixo as ordes e supervisión do director da devandita oficina ou persoa a quen este asigne a titoría do bolseiro, onde se integrará como membro dela, con suxeición ás normas da oficina sobre xornada laboral e de funcionamento, utilizando os medios dispoñibles no centro de traballo que sexan necesarios para a realización das tarefas que lles encomende por parte do director, e que serán compatibles co plan de formación aprobado para cada un deles.

A Secretaría Xeral para o Turismo reserva para si a facultade, se existen circunstancias que o xustifiquen e o órgano competente de Turespaña (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) está conforme, de adscribir os bolseiros/as a outras oficinas temporal ou definitivamente. No caso de que iso implique desprazamentos, a Secretaría Xeral para o Turismo farase cargo deles.

As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Segunda.-*Requisitos dos solicitantes e natureza xurídica da relación.*

a) Nacionalidade: española ou dun país membro da Unión Europea.

b) Titulación: licenciado ou diplomado en turismo ou grao ou postgrao en turismo segundo o Plan Bolonha. Esa titulación debe estar finalizada nos 3 anos inmediatamente anteriores ao momento de remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.

c) Idiomas: dominio oral e escrito da lingua do país de destino.

d) Outras axudas: non ter obtido con anterioridade ningunha bolsa para a formación de expertos turísticos en mercados emisores.

e) A condición e disfrute dunha bolsa non establece relación laboral ou contractual de calquera tipo coa Xunta de Galicia nin a inclusión na Seguridade Social por parte das administracións implicadas.

f) A percepción da bolsa non será compatible co disfrute doutras axudas.

g) Os solicitantes non poderán ser perceptores de soldos ou salarios ou ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria, nin coa prestación por desemprego.

h) Os solicitantes non estarán incurso en ningún dos supostos do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

Terceira.-*Dotación das bolsas e determinacións orzamentarias.*

A concesión das bolsas farase con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.761A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2010 e 2011. O importe total do crédito destinado a esta convocatoria é de douscentos dezaoitenta e nove euros (218.259 euros), distribuído nas seguintes anualidades:

-2010: 83.376 euros.

-2011: 134.883 euros.

Que se repartirá como segue:

| Cidade de destino | Nº de bolsas | Dotación euros (total) |
|-------------------|--------------|--|
| Nova York | 1 | 31.953 € 2010: 12.192 € 2011: 19.761 € (2.823 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| Lisboa | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| Londres | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| Roma | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| Francfort | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| París | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |
| Zurich | 1 | 31.051 € 2010: 11.864 € 2011: 19.187 € (2.741 € mes no exterior) (900 € mes prácticas) |

Na dotación de cada unha das bolsas están incluídos os gastos de desprazamento (ata e desde o lugar de destino). O crédito poderá incrementarse no suposto previsto no terceiro parágrafo da base primeira.

Cuarta.-*Obrigas dos solicitantes e beneficiarios.*

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, os solicitantes e beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Os solicitantes deberán aceptar en todos os seus termos esta orde.

2. A comprobación de datos non axustada á realidade, tanto na solicitude como na documentación pre-

sentada, poderá supoñer a denegación ou revogación da axuda.

3. Os beneficiarios deberán desenvolver a actividade obxecto da bolsa, que se detalla no seu plan específico de formación, cuns niveis de dedicación e rendemento satisfactorios, e presentar informes trimestrais de actividade á Secretaría Xeral para o Turismo e calquera outro que determine a Secretaría Xeral para o Turismo ou o director da oficina en que estiveren destinados.

4. De non existir convenio da Seguridade Social co sistema público sanitario do país de destino, deberán subscribir unha póliza de seguro de asistencia sanitaria e accidentes, válida no país onde se realicen as prácticas e que cubra a totalidade do período de duración da bolsa.

5. Presentar informes trimestrais sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos e unha memoria final realizada polo bolseiro de acordo co modelo que se lle entregue e visada polo responsable da oficina, con inclusión das propostas de mellora que se consideren oportunas.

6. Comezar o desfrute da bolsa dentro do prazo que se sinala en cada caso e desenvolver o seu labor sen que ningún outro compromiso anterior ou futuro o impida ou dificulte.

7. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da bolsa obxecto desta orde.

8. Procederá o reintegro da cantidades percibidas e a exixencia do xuro desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro nos seguintes casos:

- a) Incumprimento total ou parcial da finalidade de concesión.
- b) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo o disposto na base oitava.

Quinta.-*Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados deberán dirixir a solicitude, en formato papel, ao órgano competente para resolver e presentarana no rexistro da Secretaría Xeral para o Turismo, da Consellería de Cultura e Turismo, ou nos respectivos departamentos territoriais, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo numérico desta orde.

3. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde na páxina web oficial da Consellería de Cultura e Turismo, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orza-

mentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

4. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei de subvencións de Galicia a presentación da solicitude de concesión da bolsa comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI do interesado e a acreditación da súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

5. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo entón presentar o DNI e as devanditas certificacións.

6. En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instructor poderá requirir ao solicitante a presentación da documentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Sexta.-*Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. En concreto, o prazo entenderase que vence o día do mes seguinte cuxo ordinal coincida coa data que serviu de partida, que é a da publicación no DOG.

Sétima.-*Documentación.*

-Certificación académica completa ou fotocopia compulsada, que inclúa as cualificacións obtidas na licenciatura, diplomatura, grao ou posgrao. No caso de que o expediente académico non sexa español será preciso que estea debidamente validado pola administración educativa española.

-*Curriculum vitae*, cos documentos acreditativos correspondentes. Valorarase con carácter preferente o coñecemento de idiomas estranxeiros, o coñecemento de informática, así como as actividades de formación, investigación e experiencia laboral no ámbito turístico. A documentación que se encontre en idioma distinto ao castelán ou galego deberá presentarse traducida debidamente por un tradutor xurado.

-Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para o mesmo período, e de non ter ingresos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

-Declaración responsable de non se achar incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter subvencións que establece o artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

-Os interesados poderán presentar dúas solicitudes como máximo. Nese suposto sinalarán o destino preferente.

Oitava.-*Proceso de selección e resolución.*

As funcións establecidas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como ins-

trutor do procedemento corresponde á Secretaría Xeral para o Turismo.

1. A selección das solicitudes será realizada por unha comisión que se constituirá para o efecto e que se axustará ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o/a director/a-xerente da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia-Turgalicia.

Secretario: o/a xefe/a do Servizo de Planificación Turística e Programas Europeos da Secretaría Xeral para o Turismo.

Vogais: un funcionario da Secretaría Xeral para o Turismo do Servizo de Planificación Turística e Programas Europeos e un xefe de área de Turgalicia designados polo presidente da comisión co visto e prace da Secretaría Xeral para o Turismo.

Para as probas de idioma, o conselleiro, por proposta da comisión, poderá designar asesores especialistas, que terán voz pero non voto nas sesións que esta celebre.

2. A valoración dos méritos alegados polos candidatos realizarase conforme o seguinte baremo:

2.1. Curriculum vitae.

| Formación | Ata 6 puntos |
|---------------|---|
| Cursos | Por cada curso relacionado con turismo cun mínimo de 12 h: 0,10 e ata un máximo de 2. Por cursos de posgrao ou mestrado oficiais relacionados co turismo: 1 punto. |
| Investigación | Por traballos de investigación en materia turística avalado por un organismo oficial: 0,25 puntos ata un máximo de 1 punto. |
| Idiomas | Por competencia oral e escrita no dominio dun idioma distinto daquel do país para o cal se solicita a bolsa acreditada mediante título oficial: 0,50 puntos e ata un máximo de 1,50 puntos. |
| Informática | Por cursos relacionados coa informática e/ou a internet cun mínimo de 20 h: 0,10 puntos ata un máximo de 0,50 puntos |
| Experiencia | Ata 2 puntos. 0,50 puntos por cada tres meses de prácticas ou traballo relacionado co turismo en: oficinas de turismo, empresas turísticas, asociacións profesionais de turismo, consorcios turísticos, mancomunidades turísticas ou calquera outra empresa vinculada ao sector turístico. |

2.2 Probas.

| | |
|--------------------------------|--------------|
| Test (sobre temas do anexo II) | Ata 4 puntos |
| Idioma (proba oral e escrita) | Ata 4 puntos |

A proba de idioma desenvolverase mediante dúas traducións, unha dun texto do galego ou castelán para a lingua do país receptor e outra desa lingua para o galego ou castelán. Posteriormente, desenvolverase unha proba oral en que se avalíen as competencias de expresión e comprensión sobre o coñecemento da lingua do país receptor, para o cal se exixirá un nivel mínimo para o desenvolvemento do traballo, polo que esta proba será de carácter excluínte.

2.3. Entrevista persoal.

Valorarase ata un máximo de 4 puntos. Coa entrevista preténdese profundizar sobre os coñecementos dos candidatos acerca do país para o cal soliciten a bolsa e sobre comercialización e promoción turística, así como valorar as súas actitudes e aquelas outras circunstancias que se consideren de interese para o futuro desenvolvemento das actividades.

3. Proceso de selección:

3.1. A comisión, unha vez examinadas as solicitudes presentadas, elaborará unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, detallando, neste caso, a causa de exclusión, e convocará aos primeiros á realización de dúas probas: unha tipo test sobre o temario que se inclúe como anexo II desta orde e outra oral e escrita de idioma. A entrevista realizarase xunto coa proba de idiomas.

As listas de aspirantes admitidos e excluídos, as datas e o lugar de realización das probas para cada oficina faranse públicas nos taboleiros de anuncios da Secretaría Xeral para o Turismo e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo:

<http://culturaeturismo.xunta.es>

Así mesmo, publicarase as puntuacións finais obtidas polos solicitantes para cada oficina nos mesmos lugares. O prazo de exposición pública será de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación e durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes.

3.2. A comisión valorará os méritos alegados polos candidatos conforme o baremo arriba indicado e formulará o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3.3. A Secretaría Xeral para o Turismo, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución debidamente motivada, que elevará ao conselleiro de Cultura e Turismo.

4. Resolución.

A Secretaría Xeral para o Turismo elevará o informe, xunto coa proposta de resolución definitiva, ao titular da Consellería de Cultura e Turismo, quen resolverá sobre a concesión das bolsas nun prazo de quince días desde a elevación da proposta de resolución.

O prazo máximo para a tramitación e resolución do expediente será de tres meses. A resolución do conselleiro pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Aos adxudicatarios notificaráselles persoalmente a concesión da bolsa nos domicilios sinalados nas solicitudes. Nun prazo de dez días naturais están obrigados a comunicar á Secretaría Xeral para o Turismo a súa aceptación ou renuncia. Se, transcorridos os sinalados dez días, non se produciu manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Se o beneficiario renuncia expresamente á bolsa, esta concederase ao seguinte candidato con mellor puntuación de entre os que solicitaron ese destino que non sexa beneficiario doutra das bolsas convocadas.

No suposto de que non exista suplente porque non haxa máis candidatos ou estes tamén renunciaron, poderá ofertarse aos seguintes aspirantes por orde de puntuación, sexa cal for o destino solicitado, sempre

que acrediten suficiente coñecemento do idioma do país de destino.

5. O adxudicatario da bolsa deberá remitir á Secretaría Xeral para o Turismo a seguinte documentación:

-Unha declaración de renuncia expresa a calquera outra bolsa ou axuda similar de que sexa beneficiario ou que solicitase.

-A certificación bancaria da conta onde se aboará a bolsa.

-Unha declaración da súa situación familiar para os efectos do cálculo das retencións fiscais.

Novena.-*Aboamento das axudas.*

1. Realizaranse catro aboamentos, unha vez recibidos de conformidade os documentos que se especifican a seguir. De acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da anterior lei. O primeiro pagamento equivalerá á totalidade do importe da anualidade de 2010 da bolsa, e realizarase unha vez aceptada esta e presentada a documentación; os dous pagamentos seguintes equivalerán ás mensualidades de xaneiro a marzo e de abril a xuño, e realizaranse unha vez presentados os certificados e informe do período anterior, o último pagamento corresponderá ao mes de xullo e realizarase unha vez presentados o informe e a memoria final.

En todo os pagamentos se efectuará a correspondente retención á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Primeiro pagamento: para o seu aboamento será requisito ter enviado a seguinte documentación:

-Escrito onde conste o compromiso de cumprimento das normas e obrigacións derivadas das bases desta convocatoria.

-Fotocopias compulsadas das pólizas de seguro de asistencia sanitaria e accidentes, válidas no país onde se realicen as prácticas e que cubran a totalidade do período de duración da bolsa, de non existir convenio da Seguridade Social co sistema público sanitario do país de destino.

-Fotocopia do billete ata o lugar de destino.

3. Segundo e terceiro pagamento: para o seu aboamento será requisito ter presentado:

-Certificación, expedida polo director ou responsable da oficina onde se realicen as prácticas, de levar a cabo a súa actividade cun nivel de rendemento satisfactorio.

-Informe trimestral a que alude a base cuarta desta orde.

4. Pagamento final: para o aboamento do derradeiro pagamento será requisito ter presentado a seguinte documentación:

-Certificación expedida polo director ou responsable da oficina onde se realicen as prácticas no mesmo senso do número anterior.

-Memoria realizada polo bolseiro e visada polo director ou responsable de oficina, segundo o modelo

normalizado que se lles facilitará, acerca das funcións desempeñadas e a situación do mercado emisor.

Décima.-*Desenvolvemento das bolsas.*

1. A Secretaría Xeral para o Turismo resolverá todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

2. En calquera momento, o director/a da oficina correspondente poderá propoñer ao organismo competente de Turespaña- quen decidirá- a cancelación da adscrición do bolseiro á oficina por razóns de insuficiencia no seu rendemento, incumprimento do plan de actuación aprobado ou inadaptación ás normas de funcionamento da oficina. Á vista diso, a Consellería de Cultura e Turismo, logo do trámite de audiencia, poderá revogar a concesión ou suspender o desfrute dunha bolsa por incumprimento das obrigas contraídas polos adxudicatarios.

3. A Secretaría Xeral para o Turismo poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado por motivos de forza maior. No caso de que a interrupción supere o 10% do tempo total de duración da bolsa, suporá a súa revogación.

4. No suposto de renuncia durante o desfrute da bolsa, a Secretaría Xeral para o Turismo, tendo en conta o que manifeste o interesado e unha vez estudadas as circunstancias concorrentes no caso, resolverá, se procede, a devolución total ou parcial das cantidades percibidas ou soamente a anulación dos aboamentos pendentes e se se cobre a praza polo tempo restante.

A dita renuncia durante o desfrute da bolsa inhabilitará a persoa adxudicataria para os efectos de presentación na seguinte convocatoria, agás nos casos de forza maior, que serán valorados pola Secretaría Xeral para o Turismo.

Décimo primeira.-*Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeiras

1º En todo o non recollido na presente orde aplicase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, e na Lei 9/2009, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2º Facúltase a Secretaría Xeral para o Turismo para ditar cantas disposicións considere oportunas no desenvolvemento e interpretación desta orde.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
 Secretaría Xeral para o Turismo

ANEXO I

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESPECIALIZACIÓN EN MERCADOS EMISORES | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT981B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE ¹

| | | | |
|--|----------------------|------------------------|----------------------|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR) | | LOCALIDADE | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | CORREO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS ² | | TELÉFONOS ³ | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |

EXPOÑO:

Que á vista da convocatoria de bolsas para a realización de prácticas profesionais de especialización en mercados emisores, publicada no DOG nº de 200 , e considerando reunir os requisitos exixidos, de conformidade coa documentación que se xunta, e coa miña expresa aceptación de todos os termos da dita convocatoria,

FOTOCOPIA POR AMBAS AS CARAS DO DNI OU DOCUMENTO ANÁLOGO (NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA)

DECLARACIÓN SOBRE AXUDAS QUE ESTEA DESFRUTANDO OU SOLICITASE

CERTIFICACIÓN ACADÉMICA

CURRICULUM VITAE E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS CORRESPONDENTES (INDICAR CALES)

| |
|----------------------|
| <input type="text"/> |
| <input type="text"/> |
| <input type="text"/> |

SOLICITO:

Unha bolsa para a realización de prácticas de especialización na oficina de ⁴

A

B

¹ É obrigatorio cubrir todos os recadros de datos do/a solicitante, excepto correo electrónico

³ É conveniente indicar máis dun número para unha fácil localización

² Non é válido indicar como enderezo un apartado de correos

⁴ Non se poden indicar máis de dúas oficinas (no caso de solicitar dúas, poñer a prioritaria na epígrafe A)

AUTORIZO:

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para a formación de expertos turísticos en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo no estranxeiro durante os anos 2010 e 2011, e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

___/___/___

DATA DE EFECTOS

___/___/___

DATA DE SAÍDA

___/___/___

ANEXO II**Temario**

Tema 1.-Principais recursos do patrimonio arquitectónico en Galicia.

Tema 2.-Principais recursos do patrimonio cultural inmaterial galego, en especial o folclore.

Tema 3.-A gastronomía galega

Tema 4.-Historia de Galicia. Principais feitos históricos.

Tema 5.-Elementos principais da rede de museos e centros de interpretación de Galicia.

Tema 6.-Os tramos galegos dos Camiños de Santiago.

Tema 7.-Áreas naturais no litoral: rías, illas e praias, zonas húmidas e areas, acantilados.

Tema 8.-Áreas naturais do interior: as montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas.

Tema 9.-As cidades e vilas galegas como focos de atracción turística.

Tema 10.-Os novos produtos turísticos de Galicia (turismo termal, rural, de congresos e convencións, náutico, golf, turismo activo e de natureza, etc).

Tema 11.-Competencias da Administración do Estado e da Xunta en materia turística.

Tema 12.-A administración turística en Galicia. Órganos e funcións.

Tema 13.-Nocións básicas sobre planeamento de destinos turísticos.

Tema 14.-Ferramentas de promoción e comercialización de produtos e paquetes turísticos.

Tema 15.-Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 12 de maio de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3 e), como

un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal familiar e laboral, e no artigo 3º.i, garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no título I, Ámbito competencial e organización xeral da consellería, artigo 1, recolle, entre outras, como competencias da Consellería de Traballo e Benestar, os servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

A Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a ampliación e mellora das escolas infantís 0-3 anos como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, que contribúa tanto ao desenvolvemento integral dos nenos e as nenas como á corresponsabilidade e á conciliación da vida laboral e familiar. A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil 0-3 anos, como proxecto articulado e de calidade, en cooperación cos concellos, é peza fundamental para o logro deste obxectivo.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.460.2, recollida na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e o importe destinado a elas ascenderá a 2.547.177 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas, e para a debida aplicación dos créditos